

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 8 DE NOVEMBRO DE 2012**

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:08 horas do día 8 de novembro de 2012, baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bertoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Panceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, das actas de data 7 de xuño de 2012, 25 de setembro de 2012 e 11 de outubro de 2012**

Non habendo obxeccións, as actas quedan aprobadas.

## **2. Dación de conta das resolucións da Alcaldía dende o número 935/2012 á 995/2012**

Os concelleiros danse por informados.

## **3. Aprobación, se procede, da proposta de compatibilidade dun segundo posto de traballo do traballador municipal xxxxxxxxxx**

Consta no expediente á seguinte proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente realizada en sesión de 31.10.2012 por 4 votos, 3 do grupo do PP e 1 do grupo socialista, con 2 abstencións do grupo do BNG:

<<PROPOSTA DE ALCALDÍA

O 6 de setembro do 2012 o Pleno do Concello de Fene concedeu a compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector público ó Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Municipal, xxxxxxxx para a impartición de docencia na UDC / E.P.S. de Ferrol en réxime de Profesor Asociado a Tempo Parcial P06 cunha duración do 3 de maio do 2012 ó 30 de setembro do 2012 e autorizou a superación dos límites retributivos establecidos na Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas en base a razóns de especial interese para o servizo.

O 26 de setembro do 2012 o Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Municipal, xxxxxxxx, solicita a autorización de compatibilidade para a impartición de docencia na UDC / E.P.S. de Ferrol en réxime de Profesor Asociado a Tempo Parcial durante o curso 2012-2013 e con previsión de finalización o 30 de setembro do 2013.

Tendo en conta o anterior, esta Alcaldía propón que o Pleno do Concello de Fene adopte, previo ditame da comisión informativa correspondente, o seguinte acordo:

Conceder a compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector público ó Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Municipal, xxxxxxxx para a impartición de docencia na UDC / E.P.S. de Ferrol en réxime de Profesor Asociado a Tempo Parcial P06 para o curso académico 2012-2013, con previsión de finalización o 30 de setembro do 2013, e autorizar a superación dos límites retributivos establecidos na Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas en base a razóns de especial interese para o servizo.

Fene a 15 de outubro do 2012

O alcalde

Gumersindo P. Galego Feal>>

No turno de debate fai unha intervención o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que manifesta que o seu grupo vai cambiar de criterio fronte ao que veñen facendo dende anos atrás aprobando este tipo de acordos, porque entenden que a situación de desemprego tan alta que hai na sociedade merece alomenos unha abstención de cara a aprobar que un funcionario teña un segundo posto de traballo.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 12 votos a favor (6 do grupo do PP, 5 do grupo socialista e 1 do grupo mixto) e 5 abstencións do grupo do BNG.**

**4. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposta de redución das retribucións correspondentes á paga extraordinaria do mes de decembro do exercicio 2012 dos membros da Corporación con dedicación exclusiva**

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía fiscalizada de conformidade pola intervención en informe de 2.11.2012:

<<PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO.- REDUCCION DAS RETRIBUCIÓNS CORRESPONDENTES Á PAGA EXTRAORDINARIA DO MES DE DECEMBRO DO EXERCICIO 2012 DOS MEMBROS DA CORPORACION CON ADICACIÓN EXCLUSIVA.

Logo de ver o artigo 2 do Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade, polo que se acorda a supresión para o personal do sector público tanto da paga extraordinaria do mes de decembro como da paga adicional do complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de dito mes, ou no seu caso a redución dunha catorceava parte das retribucións totales anuais, excluídos os incentivos ó rendemento.

Considerando que a Exposición de Motivos do citado Real Decreto Lei 20/2012 establece que *"en base al principio de necesaria solidaridad que debe imperar en estos momentos en todos los ámbitos sociales y políticos y a fin de compartir el esfuerzo que suponen las medidas que establecen en este*

*Real Decreto-ley respecto al colectivo de empleados públicos de todas las Administraciones en su sentido más amplio, es voluntad del legislador que se impulsen todos los mecanismos legales existentes para permitir la extensión de las citadas medidas tanto a diputados y senadores, como al personal de otros órganos constitucionales, aplicando, en su caso, y cuando sea necesario, la normativa reguladora de los mismos en materia de retribuciones.”*

E intención desta Alcaldía que os órganos políticos que teñen recoñecido neste exercicio unha adicación exclusiva contribúan a facer mais eficaces as medidas contempladas no Real Decreto Lei 20/2012, podendo xerar neste exercicio un aforro ó concello estimado en 4.938,03. €.

Sendo o Pleno da Corporación o órgano competente para fixar as retribucións dos concelleiros con adicación exclusiva, de conformidade co establecido no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación co 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales.

Por todo elo, proponse, previo dictame da Comisión Informativa de Facenda, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Suprimir, neste exercicio, a paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 dos cargos corporativos que teñen dereito a retribución por ser desempeñados en réxime de adicación exclusiva plena e que aparecen relacionados no acordo do Pleno de data 4 de xullo de 2011.

Para o exercicio 2013, e salvo acordo en contrario, seguirán vixentes as retribucións aprobadas polo Pleno da corporación en sesión de 4 de xullo de 2011.

2º.- Destinar este aforro a programas dos servizos sociais do concello en concreto, ás familias mais desfavorecidas economicamente do noso concello, efetuando os trámites oportunos para o cumprimento desta finalidade.

2º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 75.5 LBRL

2º.- Dar traslado deste acordo á Intervención municipal así como á Tesourería ós efectos oportunos.

Fene, a 2 de novembro de 2012.

O ALCALDE

Asdo. Gumersindo Pedro Galego Feal>>

En canto á ratificación da urxenza do asunto, toma a palabra o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que se manifesta en contra da mesma por non ver o asunto urxente e engade que ademais non tería que vir ao pleno.

Intervén a voceira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que este asunto ten que vir ao pleno porque é o órgano competente para determinar as retribucións dos concelleiros e que a finalidade do acordo é destinar eses cartos a unhas bases de subvencións para os máis desfavorecidos.

**Sometida a votación a urxencia do asunto, ratifícase a súa inclusión na orde do día por 6 votos a favor do grupo do PP, 5 votos en contra do grupo do BNG e 6 abstencións, 5 do grupo socialista e 1 do grupo mixto.**

Incluído o asunto na orde do día, iníciase o seu debate coa intervención da voceira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que, dado que xa estamos no mes de novembro, é necesario aprobar esta proposta para así poder destinar estes cartos a facer unhas bases de subvencións para a área de servizos sociais que poidan ser aprobadas en decembro.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que anuncia a abstención do seu grupo inda que lle parece correcto que se dea exemplo.

Por parte do grupo do BNG, o seu voceiro, don Manuel Polo Gundín, di que non era urxente traer esta cuestión ao pleno e que non ten sentido que se renuncie deste xeito a esa paga, xa que o pleno aprobou hai dous meses compensar estas pagas aos traballadores.

Engade que están en contra de traer esta proposta ao pleno e de votala porque o grupo de goberno cando fixo os orzamentos consignou estas contías, sen que ninguén puxera ningunha obxección e que, en vez de traer isto ao pleno, como o que cada un fai coa súa nómina é algo persoal, podían facerse doazóns.

A continuación intervén a concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que subscribe o manifestado polo BNG, anuncia o voto en contra e di que seguen apostando por pagar as pagas extras.

No seu segundo turno, o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, quere aclarar o sentido do seu voto e di que igual que non ven sentido a suprimir a paga extra dos funcionarios, non ven a dos concelleiros, pero a súa abstención vén motivada porque ven coherente, xa que o PP suprime a extra dos funcionarios, que o equipo de goberno adopte a mesma solución con eles mesmos.

Intervén de novo a voceira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que incide en que non é o orzamento o que determina as retribucións, senón o acordado no pleno de 11.7.2011, polo tanto é este órgano o que ten que acordar a renuncia á paga extra.

O voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, di que dá a sensación de que se renuncia a esta paga porque lle foi suprimida aos traballadores.

Novamente a voceira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, reitera que este asunto é de competencia plenaria e insiste na súa urxencia para poder destinar estes cartos a unhas bases de subvencións.

**Sometido o asunto a votación obtivo en primeira e segunda votación 6 votos a favor do grupo do PP, 6 en contra (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 5 abstencións do grupo socialista, quedando aprobado co voto de calidade da alcaldía.**

**5. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, do expediente de transferencia de créditos 18/2012**

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía informada favorablemente pola intervención en informe de 2.11.2012:

<< PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO.- EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO Nº 18/2012.

Ante a urxencia de incrementas as aplicacións orzamentarias que se relacionan na providencia de inicio do expediente, e logo de ver o expediente tramitado de modificación de crédito por transferencia, cun importe de 4938.03 €, dentro do vixente Orzamento desta Corporación do ano 2012.

Logo de ver que simultaneamente ó presente expediente se somete ó Pleno da Corporación proposta de redución das retribucións dos membros da corporación para o ano 2012 por un importe de 4938.03 €.

Téndo en conta o disposto nos artigos 179 e 180 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, nos artigos 40 a 42 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, na Base 13ª das Bases de execución do orzamento e no informe de intervención.

Esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación, e previo o dictame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, a adopción do seguinte acordo:

1º. Prestar aprobación ó expediente de modificación de crédito de transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias de distinto grupo de función- área de gasto- por importe de 4938.03 euros, segundo o disposto na providencia de alcaldía que se une ó expediente. O detalle ó que se axustará a transferencia é o seguinte:

Aplic. Orz. Minoradas

APLIC. ORZAM.	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
912/10000	Organos de goberno. Retribucións	4938.03
TOTAL		4938.03

Aplic.Orz. Incrementadas

APLIC.ORZAM.	DENOMINACIÓN	IMPORTE ( €)
231/48000	Acción social. Transferencias	4938.03
TOTAL		4938.03

En todo caso, a aprobación do presente expediente estará condicionado a que con carácter previo polo Pleno se preste aprobación á proposta da Alcaldía de 02/11/2012 de redución para o presente exercicio das retribucións dos membros da corporación con adicación exclusiva por un importe de 4938.03 euros.

2º. Que se expoña ó público durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme o preceptuado no artigo 179 do Real decreto legislativo 2/2004, con referencia ó artigo 169 do dito texto legal.

3º. No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1º do dito artigo.

Fene, a 2 de novembro de 2012.

O ALCALDE

Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.>>

Toma a palabra o concelleiro do grupo do PP, don Juan José Franco Casal, que xustifica a urxenza do asunto en que, ao estar rematando o ano, faise preciso compensar as aplicacións orzamentarias para cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria, xa que faltan cartos nunhas partidas e sobran noutras.

A continuación intervén o voceiro do BNG, don Manuel Polo Gundín, que anuncia o voto a favor da urxenza do seu grupo pero non porque o asunto sexa urxente, ademais de que non foi explicado nin ditaminado, senón porque quedaron en aceptar estes puntos na Xunta de Portavoces.

**Sometida a votación a urxencia do asunto, ratifícase a súa inclusión na orde do día por 12 votos a favor (6 do grupo do PP, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 5 abstencións do grupo socialista.**

Inicia o debate do asunto o concelleiro do grupo do PP, don Juan José Franco Casal, que di que a minoración das retribucións dos concelleiros mediante a supresión da paga extra pásase a servizos sociais coa finalidade de destinar axudas ás familias.

O voceiro do grupo socialista anuncia a abstención do seu grupo e o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, di que non entende este punto, xa que, no punto anterior da orde do día, díxose que os cartos da paga extra ían para unhas bases cando o concello xa conta cunha liña de axudas, polo tanto, o que se está a facer é complementar unha partida que quedaba sen cartos.

Afirma que están a favor de destinar cartos para acción social, pero dille ao equipo de goberno que está a traer a súa paga extra para entregar ás familias como se fose unha esmola, sen embargo óbrase doutra forma cando se fan transferencias con cartos de persoal para pagar a provedores e pregunta por que non fan partidas para escolas deportivas, bonobús ou familias que non teñen cartos.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 12 votos a favor (6 do grupo do PP, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 5 abstencións do grupo socialista.**

#### **6. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, do expediente de transferencia de créditos 19/2012**

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía informada favorablemente pola intervención en informe de 2.11.2012:



<<PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO.- EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO Nº1 9/2012.

Ante a urxencia de incrementas as aplicacións orzamentarias que se relacionan na providencia de inicio do expediente, e logo de ver o expediente tramitado de modificación de crédito por transferencia, cun importe de 65500,00 €, dentro do vixente Orzamento desta Corporación do ano 2012.

Téndo en conta o disposto nos artigos 179 e 180 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, nos artigos 40 a 42 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, na Base 13ª das Bases de execución do orzamento e no informe de intervención.

Esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación, e previo o dictame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, a adopción do seguinte acordo:

1º. Prestar aprobación ó expediente de modificación de crédito de transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias de distinto grupo de función (área de gasto) por importe de 65500,00 euros, segundo o disposto na providencia de alcaldía que se une ó expediente. O detalle ó que se axustará a transferencia é o seguinte:

Aplicac. orzamentaria minoradas

APLICAC. ORZ.	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
441/45500	Transporte. Transferencias	15000
920/12100	Admón xeral. Retribuc.	6000
920/13100	Admón xeral. Ret.pers. lab.	8000
931/13100	Política econ. E fiscal. Ret. Pers. Laboral	6000
920/12003	Admón xeral. Ret.	10000
132/12003	Seguridade e orde pública Ret.	14500

132/12101	Seguridade e orde público. Ret. Complement.	6000
-----------	---	------

Aplicac. orzamentaria incrementadas

APLICAC. ORZ.	DENOMINACIÓN	IMPORTE ( € )
342/22102	Instalacións deportivas. Suministro gas	14000
341/22799	Promoción e fomento deporte. Outros servizos	10000
342/22700	Instalacións deportivas. Servizos limpeza	6000
334/22799	Promoción cultura. Outros servizos	10000
312/22102	Centros de saúde. Gas	1500
323/22700	Promoción educativa. Servizos limpeza	24000

2º. Que se expoña ó público durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme o preceptuado no artigo 179 do Real decreto legislativo 2/2004, con referencia ó artigo 169 do dito texto legal.

3º. No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1º do dito artigo.

Fene, a 2 de novembro de 2012.

O ALCALDE

Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.>>

Toma a palabra o concelleiro do grupo do PP, don Juan José Franco Casal, que xustifica a urxencia do asunto en que é preciso adoptar este acordo para facer unha transferencia de cartos que non foron precisos en distintas partidas para outras nas que quedaron eivas por mor do aumento do consumo previsto, debendo cubrirse eses cartos pendentes por aplicación da Lei de morosidade e estabilidade orzamentaria.

**Sometida a votación a urxencia do asunto, ratifícase a súa inclusión na orde do día por 12 votos a favor (6 do grupo do PP, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 5 abstencións do grupo socialista.**

Inicia o debate do asunto o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que a lei de morosidade obriga a moitas cousas pero que ten a sensación de que se invita a deliberar aos grupos no pleno sobre asuntos nos que se di que é a lei a que marca o que hai que votar, afirmando que o sentido do voto do seu grupo non vai estar condicionado por esa lei ou calquera outra cuestión.

Prosegue dicindo que é certo que subiu o IVE e os prezos dos carburantes, pero a súa escalada xa é constante dende hai tempo e que tamén é certo que os orzamentos son só unha previsión, pero neste caso preténdese unha modificación orzamentaria para completar partidas dun orzamento que foi aprobado hai menos de seis meses.

Considera que non era difícil aventurar a falla de cartos para algunhas partidas como o mantemento de colexios, servizos que funcionan en Fene dende hai tempo, polo que entende que houbo algo de improvisación ou desidia.

Quéixase de que se traia o asunto ao pleno pola vía de urxencia, sen comisión informativa e roga ao equipo de goberno que sexa máis dilixente administrando e que tomen estas decisións con tempo.

Remata anunciando a abstención do seu grupo para así non impedir a aprobación do asunto e que os colexios ou centro de saúde estiveran sen subministrados.

A continuación intervén o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que anuncia a abstención do seu grupo porque entenden que hai cuestións como a suba do IVE na que o concello non ten parte e hai que afrontalas. Reclama que o asunto sexa levado e explicado na próxima comisión informativa.

Por parte do grupo mixto, a súa concelleira, dona María Carmen Martínez Rodríguez, anuncia a súa abstención co gallo de facilitar o pago de facturas, xa que hai débedas con autónomos e estes tamén teñen que cobrar. Quéixase de non ter debatido o asunto en tempo e forma.

De seguido toma a palabra a voceira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que pide desculpas pola tramitación urxente do asunto, engadindo que será tratado con máis tempo na vindeira comisión de facenda. Di que os tempos apremian, o traballo é o que é e os provedores teñen que cobrar e que, inda que non é excusa, a modificación é só de 65.000 € nun orzamento de nove millóns e medio de euros.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións, 5 do grupo do BNG, 5 do grupo socialista e 1 do grupo mixto.**

**7. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 7/2012**

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía:

<<PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO: RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 7/2012 .

Logo de ver a providencia da Alcaldía de 5 de novembro de 2012 polo que se incoa o presente expediente e se xustifica a necesidade do mesmo.

Logo de ver o informe da Intervención municipal relativo á fiscalización do expedientes de recoñecemento extraxudicial nº 7/2012 que transcrito di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Fiscalización previa preceptiva do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno nº 7/2012

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE BASICA

-(TRLRFL) artigos 163,173,215 a 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido Da Lei Reguladora das Fachendas Locais.

-(RD500/1990) artigos 26.2c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do Título Segundo do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

-(LBRL) artigo 112.1 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime local.

-(TRRL) artigo 23.1 do Real decreto Lei 781/1986 polo que se aproba o Texto Reundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime local.

1. *Real Decreto 1496/2003* que regulamenta o deber de expedir factura que corresponde ós empresarios e profesionais.

-Bases de execución do orzamento do exercicio 2012.

## ANTECEDENTES

Con data de 5 de novembro, a Alcaldía propón a aprobación da relación de facturas co obxecto de proceder ó seu recoñecemento extraxudicial polo Pleno da Corporación ó non ser incluídas no orzamento do exercicio económico que lle correspondía.. O importe total ascende a 44984.15 €.

A relación de facturas é a que se determina na providencia de inicio do expediente.

## INFORME

Primeiro.-Principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios: O artigo 163.5 do TRLRFL e o artigo 25 do RD500/1990 refírense ó principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios no ámbito local. Ditos créditos teñen carácter limitativo e vinculante, por eso non poden adquirirse compromisos de gasto por cuantía superior ó importe dos créditos autorizados no estado de gastos. A infracción do principio orzamentario penalízase coa nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que incurran na mesma.

Segundo.-Principio de anualidade orzamentaria: O artigo 26 do RD 500/90, que transcribe casi literalmente o artigo 163 do TRLRFL, refírese ó principio de especialidade temporal, según o cal con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán recoñecerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servicios e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Aínda así, aplicaránse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as seguintes obrigacións:

-As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós Orzamentos Xerais da Entidade.

-As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación de créditos no suposto establecido no artigo 163.3.

-As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500/90. Neste último artigo cítase a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito.

Terceiro.- Concepto de recoñecemento extraxudicial de créditos: A xurisprudencia do Tribunal Supremo

(Sentencias de 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986) atenúa o rigor na aplicación dos principios citados ó contrastarlos coa “Teoría do enriquecemento inxusto”, pola que *“no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades.”*

Ademáis debemos ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns. Estes principios, que xa foran recoñecidos pola xurisprudencia contencioso-administrativa, incorporáronse ó dereito positivo na Lei 4/99, que modifica parcialmente a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Do anterior dedúcese que o nome de *“recoñecemento extraxudicial de crédito”* deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adjudicación correspondente, derivan de prestacións de servicios, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En todo caso, e aínda cando da interpretación dos artigos 26.2 c) e 60.2 do RD 500/90 pode desprenderse que, previo recoñecemento do Pleno, poden aplicarse ó orzamento vixente gastos realizados en exercicios anteriores, debe entenderse, como xa sinalou a Audiencia de Contas de Canarias, que esta excepción se contempla para convalidar situacións puntuales e irregulares e non como posibilidade regulada, na maior parte dos supostos, para realizar sistemáticamente gastos sin a suficiente consignación orzamentaria, debéndose evitar no posible a utilización desta figura controvertida.

Con igual claridade se manifesta o Consello de Contas de Galicia no informe de fiscalización do Concello de Boqueixón do ano 2000, que tras considerar censurable a utilización recorrente deste mecanismo xeneralizando así un procedemento que a lei prevé como excepcional para a protección de terceiros, sinala que:

*“...tal excepcionalidad requiere la tramitación de un expediente para cada caso concreto en el que debería constar un informe o memoria del órgano gestor del gasto en el que se justifique cuáles fueron los motivos que dieron lugar a la realización de gastos sin ajustarse al procedimiento legalmente establecido”*

Cuarto.- Enriquecemento inxusto da Administración: A proposta pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración. No noso dereito, e a falta dun texto legal que consagre dito principio, foi a xurisprudencia a que fixo múltiples aplicacións da idea, que pode

por elo considerarse como doutrina xurisprudencial.

Si finalmente se considera que o servizo debe de ser abonado polo concello, danse os requisitos para que prospere dita petición, xa que o concello obtería unha ventaxa patrimonial (servizo executado) e o contratista veríase empobrecido pola ventaxa obtida polo concello e non existiría causa que xustificase a merma patrimonial dos terceiros afectados.

Ademais os retrasos no recoñecemento e abono de obrigas poden dar lugar á reclamación de xuros de demora, co conseguinte perxuício económico para o concello.

Quinto.- Competencia: A base 31ª de BE/12, referida ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, dispón que *“1.1. - O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno cando no expediente tramitado ó efecto non se acredite a existencia de crédito disponible suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade co establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real Decreto 500/1990. En todo caso, enténdese que existe dotación orzamentaria cando o orzamento en vigor prevea aplicacións orzamentarias específicas para gastos relativos a exercicios anteriores e se correspondan cos que sexan obxecto de recoñecemento extraxudicial”*.

Nas aplicacións orzamentarias ás que se imputan as facturas que figuran na proposta de Alcaldía non existía crédito disponible para os gastos do exercicio anterior aprobándose con carácter previo á tramitación do presente expediente expediente modificativo de crédito co fin de habilitar crédito para este fin, polo que o órgano competente para o recoñecemento extraxudicial de crédito será o plene de conformidade co previsto nas BEO/12. Así a BEO 31ª determina que:

“1.4. O recoñecemento extraxudicial de créditos que lle corresponde aprobar ó Pleno esixe os seguintes trámites:

a) Recoñecemento da obriga, mediante a explicitación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación, motivando a necesidade de facer fronte, a favor do interesado, ao valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.

b) Existencia de dotación orzamentaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto, xa sexa mediante consignación inicial ou posterior ou ben derivada dunha modificación tramitada para o efecto.

A dotación orzamentaria, de existir no orzamento para gastos, en principio, do mesmo exercicio, requirirá o informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente

na conseguinte aplicación orzamentaria.

O expediente para o recoñecemento da obriga deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa realizada polo ALcalde, sobre os seguintes extremos:

- Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo e/ou orzamentario correspondente.

- Data ou período de realización.

a) Importe da prestación realizada.

b)

b) Factura detallada, ou documento que acredite a realización do gasto, da prestación realizada debidamente conformada polos responsables do servizo e, se é o caso, certificación de obra.

c) Informe do concelleiro correspondente co Vº e Prace do ALcalde, nos casos de imputación ao orzamento do exercicio corrente, de que non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso.

Noutro caso, o expediente de Recoñecemento Extraxudicial requirirá a tramitación previa ou simultánea de modificación de créditos.

d) Documento pre-contable "ADO" (Autorización, Disposición de Gasto, Recoñecemento e Liquidación da Obriga) no caso de que se imputase a créditos do exercicio ou proposta previa ou simultánea de modificación de crédito que permita asumir os gastos de exercicios anteriores. Neste último caso, se a aprobación inicial da modificación de crédito é simultánea á aprobación do Recoñecemento Extraxudicial de Créditos farase constar no acordo que a eficacia do dito recoñecemento queda condicionada á validez e eficacia da modificación acordada. Na medida en que a modificación non sexa eficaz, non poderá procederse á imputación orzamentaria dos gastos e ao seu pagamento.

e) Informe da Intervención Xeral.

Necesidade de verificar a existencia de consignación orzamentaria: Previamente á aprobación do REC, debe asegurarse no orzamento corrente a existencia de consignación orzamentaria suficiente, podendo procederse á dotación, de ser necesario, mediante o expediente de CE, SC ou TC , no seu caso.

Sexto.- Os documentos presentados reúnen os requisitos esixidos polo artigo 6 do Real



Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Sétimo.- As facturas/documentos substitutivos están conformadas polos concelleiros responsables nos termos esixidos polas BEO., o que implica que efectivamente o gasto foi realizado

CONCLUSIÓN.-

A fiscalización desta intervención en relación co presente expediente de recoñecemento extraxudicial nº 7/12 é de conformidade en relación coas facturas non fiscalizadas de desconformidade e de reparo sen efectos suspensivos en relación coas facturas que se detallan no apartado de observacións.

Reitérase novamente, a necesidade de evitar a utilización desta figura controvertida que a lei prevé como excepcional.

En todo caso, advertir da necesidade de que posto que se está a imputar gasto do exercicio anterior ó corrente, deberase efectuar un adecuado control do gasto no exercicio co fin de evitar estas situacións.

Segundo criterio da que suscribe o presente informe, si se acreditase a obrigación do concello de facer fronte ós gastos descritos, procedería, dado que non existe crédito no orzamento do presente exercicio para facer fronte ó gasto que se propón, que polo Pleno e baixo a súa responsabilidade, se procedera a recoñecer extraxudicialmente o crédito a favor dos terceiros antes relacionados. Non obstante, deben de poñerse de relevo as consecuencias negativas derivadas da tramitación deste tipo de expedientes, sendo entre outras:

\* Xurídicas:

Co incumprimento da legalidade aplicable na realización do gasto público e a posible existencia e esixencia de responsabilidade de diversos tipos (administrativa, civil penal); debéndose ter especialmente en conta o establecido ó respecto na disposición adicional 5ª da LCAP referida á responsabilidade das autoridades e do persoal ó servizo das Administracións Públicas, artigo no que se dispón que:

*“1. La responsabilidad patrimonial de las autoridades y del personal al servicio de las Administraciones Públicas derivados de sus actuaciones en materia de contratación administrativa, tanto por daños causados a particulares como a la propia Administración se exigirá con arreglo a lo dispuesto en el Título X de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común y en el Real Decreto 429/1993, de 26 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento de los procedimientos de las Administraciones Públicas en materia de responsabilidad patrimonial.*

2. La infracción o aplicación indebida de los preceptos contenidos en la presente Ley por parte del personal al servicio de las Administraciones Públicas, cuando mediare al menos negligencia grave, constituirá falta muy grave cuya responsabilidad disciplinaria se exigirá conforme a la normativa específica en la materia.”

Así mismo, no artículo 60 do TRRL dispone que:

*“Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que, por dolo o culpa o negligencia, adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones legales, estarán obligados a indemnizar a la Corporación Local los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder.”*

Con respecto ó indicado, no artículo 78 da LRBRL establécese que:

*“1. Los miembros de las Corporaciones locales están sujetos a responsabilidad civil y penal por los actos y omisiones realizados en el ejercicio de su cargo. Las responsabilidades se exigirán ante los tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable.*

2. Son responsables de los acuerdos de las Corporaciones locales los miembros de las mismas que los hubieran votado favorablemente.

1. Las Corporaciones locales podrán exigir la responsabilidad de sus miembro cuando por dolo o culpa grave, hayan causado daños y perjuicios a la Corporación o a terceros, si éstos hubiesen sido indemnizados por aquella.”

No artículo 225.1 do ROF establécese que :

*“Las entidades locales podrán instruir expediente, con audiencia del interesado, para declarar la responsabilidad civil de sus autoridades, miembros, funcionarios y dependientes que, por dolo o culpa o negligencia graves, hubieren causado daño y perjuicio a la Administración o a terceros, si éstos hubieran sido indemnizados por aquella.”*

Así mismo deberase ter en conta o establecido nos artigos 140 a 146 da LXO; no artículo 140 da citada Lei establécese que:

*“Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que por dolo, culpa o negligencia graves adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones de esta Ley estarán obligados a*

indemnizar a la Hacienda Pública los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder.”

\* Económico-orzamentario:

Derivado de que os gastos corresponden ós exercicios, 2010 e 2011 que teñen a consideraión de pechados cos conseguintes quebrantos económicos á facenda municipal, distorsionando o resultado orzamentario real.

\*Comercial:

Así mesmo deberase ter en conta o quebranto económico causado a diversos provedores.

## OBSERVACIONES

En primeiro termo, advertir que o retraso na tramitación dalgunha das facturas ven motivado en que tratándose de gastos realizados nos exercicios 2010 e 2011 e pese a ser comunicado de forma verbal e posteriormente por escrito, existiu unha falta de dilixencia por parte dos órganos xestores do gasto en relación coa prestación da conformidade a determinadas facturas que forman parte do presente expediente.

-Fiscalízase desfavorablemente e sen efectos suspensivos, debido á conveniencia de non reiterar os reparos por un mesmo motivo, as seguintes facturas:

1/Facturas de Zonas Verdes Anibal soto, SL por importes de 2994.84 €, 11901.60 e 11880.84 €.

2/Facturas de Telefónica de España, SA por importes de : 126.02 €, 22.21; 88.62; 84.23 ; 28.59; 248.69; 6.17; 47.43; 19.46; 20.65; 22.22; 17.05 euros en concepto de servicios telefónicos.

3/Facturas de Portomotor, SL por importes de 10.11; 284.52; 390.7; 622.91; 253.7; 2817.53; 253.45; 53.47; 15.91; 89.79; 95.18; 212.26; 231.3; 10.69; 336.15; 109.3; 172.28 e 333.50 euros en concepto de servicios de reparación de vehículos e maquinaria municipal.

4/factura de Aquagest Sa por importe de 6935.26 euros en concepto de obras de reparación

Nestes casos consta únicamente as facturas conformadas polo concelleiro responsable, obviándose (tendo en conta os importes dos contratos) a realización dos trámite para a preparación e adxudicación dos contratos. En definitiva, atopámonos ante unha mera contratación verbal carente de procedemento pero non de consecuencias. Recordemos que, a LCSP no seu artigo 28 relativo ó carácter formal da

contratación do sector público que determina que “ *Los entes, organismos y entidades del sector público no podrán contratar verbalmente, salvo que el contrato tenga, conforme a lo señalado en el artículo 97,1, carácter de emergencia*”. Admitido pois que estamos ante unha contratación verbal esta debe ser conxugado co principio de enriquecemento inxusto da administración e que implica a necesidade de que o concello quede obrigado ó pago das prestacións recibidas.“

Por outra banda, a fiscalización previa do gasto ven esixida non solamente polo TRLCSP senón tamén polo TRLHL e as Bases de Execución, que foi omitida nestes expedientes. Esta ausencia da fiscalización constitúe unha irregularidade que esixe o trámite da súa convalidación mediante o correspondente acordo do órgano competente, neste caso Alcaldía, para recoñecer a obriga de pago, a fin de facer posible que uns gastos realizados sen o preceptivo control interno e preventivo poidan ser satisfeitos ós terceiros afectados.

De todo o anterior, pode concluírse que:

- O concello procedeu á contratación verbal destes servicios e suministros, contratación que se atopa prohibida polo TRLCSP salvo nos casos de emerxencia.
- O concello non pode omitir as consecuencias desa contratación verbal en virtude do principio de enriquecemento inxusto da Administración.

Ademais do anterior, e para o caso da factura de Aquagest, SA cómpre salientar que neste caso produciuse un incumprimento do procedemento de contratación dos contratos menores previsto nas BEO/2011, e que neste caso resultaba de aplicación. Todo o anterior, sen perxuro de que tendo en conta o obxecto do contrato concesional asinado con esta empresa, por parte de quen suscribe – e a falta dunha maior concreción técnica en relación co obxecto do presente contrato menor de obras descoñeceuse se estas obras que foron obxecto de facturación poderían encadrarse dentro das obrigas contractuais previstas no prego de cláusulas administrativas que forma parte do contrato concesional. Polo tanto, con carácter previo á aprobación desta factura, deberíase requerir os informes técnicos precisos co fin de esclarecer esta cuestión.

Por outra banda, e sen que a presente consideración forme parte do control de legalidade que corresponde a esta Intervención, dende unha perspectiva económica e de eficacia e eficiencia, infórmase, pola que asina o presente informe, que sería igualmente beneficioso para o Concello a utilización dos procedementos establecidos na normativa contractual, de cara a alcanzar os obxetivos de *estabilidade orzamentaria e control do gasto*. A conclusión sería que acudir os procedementos establecidos, dende unha perspectiva económico-financieira, suporía unha eficiente utilización dos fondos destinados a realización de obras, a adquisición de bens e a contratación dos servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, e salvagada da libre competencia e a selección da oferta económica mais ventaxosa.

Fene, a 5 de novembro de 2012

A Interventora

Marta Roca Naveira.”

Considerando que no informe da Intervención municipal de fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditosponse de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago das citadas facturas pois noutro caso estaríase a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Dado que as facturas ás que se fixo referencia corresponden todas elas a exercicios anteriores ó presente, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de “*recoñecemento extraxudicial de crédito*” deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adjudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando que tal e como se puxo de manifesto no informe da intervención municipal no orzamento do exercicio 2012 non existía crédito para imputar estes gastos polo que con carácter previo a este expediente habíutouse o crédito adecuado e suficiente nas aplicacións orzamentarias afectadas, o que implica que nestes casos a competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito corresponde ó Pleno en virtude do contido das BEO.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que pola Xunta de Goberno Local se adopten os seguintes acordos:

1º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 7/2012 por un importe total de 44984,15 €.

2º A conseguinte aprobación, da relación de facturas con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:

Nº Fact	NºReg.	Proveedor y Concepto	Aplicac. Orz	Base	IVA	Importe
A-59	116	HIERROS SANTOS MATERIAL PARA OBRAS	2012.0.453.0.2100 0	2.351,50 €	423,27 €	2.774,77 €
220-9/12 F	240	AQUAGEST SUSTITUCION COLECTOR DE SANEAMIENTO RUA TRAVESAS	2012.0.161.0.6330 0	5.877,34 €	1.057,92 €	6.935,26 €
3288	675	KIFORT SL SUMINISTRO DIVERSO MATERIAL DE LIMPEZA	2012.0.323.0.2211 0	1.126,93 €	202,85 €	1.329,78 €
F1/121252	712	PORTOMOTOR, S.L. SUMINISTRO FILTO ACEITE VEHICULO MUNICIPAL	2012.0.453.0.2140 0	92,63 €	16,67 €	109,30 €
F1/121251	713	PORTOMOTOR, S.L. SUMINISTRO REPARACION VEHICULO MUNICIPAL	2012.0.453.0.2140 0	179,88 €	32,38 €	212,26 €
F1/121250	714	PORTOMOTOR, S.L. MATERIAL PARA REPARACION DESBROZADORA	2012.0.171.0.2140 0	146,00 €	26,28 €	172,28 €
F1/121253	715	PORTOMOTOR, S.L. SUMINISTRO ALTERNADOR PARA VEHICULO MUNICIPAL	2012.0.453.0.2140 0	215,00 €	38,70 €	253,70 €
M1/414329	716	PORTOMOTOR, S.L. REPARACION VEHICULO MOTOBOMBA C-103820-VE	2012.0.135.0.2140 0	2.387,74 €	429,79 €	2.817,53 €
F1/121254	717	PORTOMOTOR, S.L. SUMINISTRO MATERIAL PARAVEHICULO MUNICIPAL	2012.0.453.0.2140 0	214,79 €	38,66 €	253,45 €
F1/121340	718	PORTOMOTOR, S.L. SUMINISTRO MATERIAL	2012.0.132.0.2140 0	45,31 €	8,16 €	53,47 €

		PARAVEHICULO POLICIA LOCAL				
F1/121345	719	PORTOMOTOR, S.L. EQUIPO VESTUARIO VEHICULO LIXO	2012.0.162.0.2140 0	13,48 €	2,43 €	15,91 €
F1/121341	720	PORTOMOTOR, S.L. SUMINISTRO MATERIAL PARAVEHICULO MUNICIPAL	2012.0.453.0.2140 0	76,09 €	13,70 €	89,79 €
F1/121342	721	PORTOMOTOR, S.L. SUMINISTRO INTERRUPTOR PARA VEHICULO MUNICIPAL	2012.0.162.0.2140 0	80,66 €	14,52 €	95,18 €
F1/121344	722	PORTOMOTOR, S.L. SUMINISTRO BATERIA PARA VEHICULO MUNICIPAL	2012.0.453.0.2140 0	196,21 €	35,32 €	231,53 €
F1/121343	723	PORTOMOTOR, S.L. SUMINISTRO MATERIAL PARAVEHICULO MUNICIPAL	2012.0.453.0.2140 0	284,87 €	51,28 €	336,15 €
F1/121339	724	PORTOMOTOR, S.L. SUMINISTRO DIVERSO MATERIAL PARA TALLER MECANICO	2012.0.453.0.2140 0	9,06 €	1,63 €	10,69 €
M1/415493	725	PORTOMOTOR, S.L. REPARACION VEHICULO LIXOC- 0487-AY	2012.0.162.0.2140 0	527,89 €	95,02 €	622,91 €
F1/123143	726	PORTOMOTOR, S.L. SUMINISTRO MATERIAL PARATALLAR MECANICO	2012.0.134.0.2130 0	8,57 €	1,54 €	10,11 €
F1/123409	727	PORTOMOTOR, S.L. SUMINISTRO MATERIAL PARAVEHICULOS MUNICIPALES	2012.0.453.0.2140 0	241,12 €	43,40 €	284,52 €
M1/415696	728	PORTOMOTOR, S.L.	2012.0.162.0.2140 0	331,10 €	59,60 €	390,70 €

		REPARACION VEHICULO LIXOC-8886-CJ				
M1/415753	729	PORTOMOTOR, S.L. REPARACION VEHICULO OBRAS C-8596-CJ	2012.0.453.0.2140 0	282,63 €	50,87 €	333,50 €
40	1286	ZONAS VERDES ANIBAL SOTO DESBROCE REFORZO E CONTROL DE MALAS HERBAS	2012.0.163.0.2270 0	10.260,00 €	1.641,60 €	11.901,60 €
46	1287	ZONAS VERDES ANIBAL SOTO TRABALLOS DE MANTEMENTO DE ZONAS VERDES	2012.0.163.0.2270 0	10.068,00 €	1.812,24 €	11.880,24 €
C172775	1830	REED BUSINESS INFORMATION SUBSCRICIÓN PISCINAS XXI01/05/11 A 30/04/12	2012.0.334.0.2200 1	115,00 €	4,60 €	119,60 €
59	1973	ZONAS VERDES ANIBAL SOTO ACONDICIONAMENTO PLANTACIÓN ESCOLARES MARRAXÓN	2012.0.179.0.2270 0	2.538,00 €	456,84 €	2.994,84 €
TA3YM036 8953	2601	TELEFONICA DE ESPAÑA SAU SERVIZO TELEFONO GALAESCOLA NOVEMBRO 2011	2012.0.231.0.2220 0	106,80 €	19,22 €	126,02 €
TA3YM039 3640	2602	TELEFONICA DE ESPAÑA SAU SERVIZO TELEFONO NAVE GARAXE MUNICIPAL NOVEMBRO	2012.0.920.0.2220 0	18,82 €	3,39 €	22,21 €
TA3YM039 3641	2603	TELEFONICA DE ESPAÑA SAU XERV.TELEFONO DA PIA MUNICIPAL MES NOVEMBRO	2012.0.920.0.2220 0	75,10 €	13,52 €	88,62 €
TA3YM039 3642	2604	TELEFONICA DE ESPAÑA SAU SERVIZO DE TELEFONO DO PAVILLON DO RAMO NOVEMBRO	2012.0.920.0.2220 0	71,38 €	12,85 €	84,23 €
TAEYM039	2605	TELEFONICA DE ESPAÑA SAU	2012.0.920.0.2220	24,23 €	4,36 €	28,59 €



3643		SERVIZO DE TELEFONO DA NAVE AREA DE FORMACION NOV	1			
TA3YM040 7410	2606	TELEFONICA DE ESPAÑA SAU SERVIZO DE TELEFONO DO PAVILLON DA XUNQUE. NOVEM	2012.0.920.0.2220 0	210,75 €	37,94 €	248,69 €
TA3YM040 7411	2607	TELEFONICA DE ESPAÑA SAU SERVIZO DE TELEFONO DO PAVILLON S.VALENTIN, NOV.	2012.0.920.0.2220 0	5,23 €	0,94 €	6,17 €
TA3YM042 1604	2608	TELEFONICA DE ESPAÑA SAU SERVIZO DE TELEFONO BAIXO C.CONCELLO NOVEMBRO	2012.0.920.0.2220 0	40,20 €	7,23 €	47,43 €
TA3YM042 3379	2609	TELEFONICA DE ESPAÑA SAU SERVIZO DE TELEFONO FAX OFICINA T.OCUPACIONAIS XUÑ	2012.0.920.0.2220 0	16,49 €	2,97 €	19,46 €
TA3YM042 3380	2610	TELEFONICA DE ESPAÑA SAU SERV.TELEFONO FAX MES NOVEMBRO 2011	2012.0.920.0.2220 0	17,50 €	3,15 €	20,65 €
TA3YM042 3397	2611	TELEFONICA DE ESPAÑA SAU SERV. TELEFONO OFICINAS SERV.SOCIAIS NOVEMBRO 2011	2012.0.920.0.2220 0	18,83 €	3,39 €	22,22 €
TA3YM042 3398	2612	TELEFONICA DE ESPAÑA SAU SERV.TELEFONO FAX PRIMEIRA PRANTA C.CONCELLO NOV. 2011	2012.0.920.0.2220 0	20,12 €	3,62 €	23,74 €
TA3YM042 3399	2613	TELEFONICA DE ESPAÑA SAU SERV.TELEFONO FAX EMISORA M. NOVEMBRO 2011	2012.0.920.0.2220 0	14,45 €	2,60 €	17,05 €

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

En Fene, a 5 de novembro de 2012.

O ALCALDE

Gumersindo P. Galego Feal>>

Toma a palabra o concelleiro do grupo do PP, don Juan José Franco Casal, que xustifica a urxenza do asunto na necesidade de pagar aos provedores, algúns dos cales levan 2 anos agardando.

De seguido intervén o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que anuncia o voto a favor da urxenza para non retrasar o pago, inda que pensa que podía haber sido tramitado o asunto de forma ordinaria.

Por parte do BNG, o seu voceiro, don Manuel Polo Gundín, di que o asunto non é urxente, pero que van votar a favor porque así o acordaron.

**Sometida a votación a urxencia do asunto, ratifícase a súa inclusión na orde do día por unanimidade.**

Inicia o debate do asunto, o concelleiro do grupo do PP, don Juan José Franco Casal, que di que as facturas que se inclúen no recoñecemento son de 2010 e 2011 e debido, entre outras cousas, á súa presentación demorada ou retificacións. Recalca os anos das facturas ante a acusación do grupo socialista de desidia do goberno municipal.

A continuación toma a palabra o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que as facturas de 2011 son da etapa do goberno do PP e di que é certo que o equipo socialista cando gobernou fixo modificacións de crédito, pero entende que é máis xustificado facelas cando se ten un orzamento prorrogado porque a oposición non llo aproba. Engade que o PP xeralmente non votaba a favor das modificacións orzamentarias cando estaba na oposición.

Insiste en que hai facturas dos diferentes gobernos e di que non é certo que haxa facturas que levan dous anos sen ser pagadas, porque xa o concelleiro de facenda dixo antes que algunhas estaban pendentes de ser subsanadas, ademais de que poderían ter vido a pleno noutros recoñecementos extraxudiciais anteriores, sen embargo díxose que non había máis facturas pendentes.

Polo tanto, considera que agora se traen unhas facturas de presentación tardía e outras que tiñan problemas para ser pagadas, pero que, en todo caso, non levaban dous anos pendentes de pago.

Remata dicindo que queren liquidar todas as débedas cos provedores e, no caso de que haxa algo máis, que se liquide canto antes.

De seguido toma a palabra o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que as comisións informativas serven para dar explicacións e di, que inda que algunhas empresas teñen que cobrar, é unha cuestión de fe facer estes pagos, inda que as facturas están aí, e que parece que algunhas foron extraviadas, outras con erros, etc.

Non ve apropiado chegar a un pleno e que pareza que se lle están “restregando” facturas aos demais e roga que se levan as facturas á comisión informativa para dar explicacións.

Por parte do grupo mixto, a concelleira dona M<sup>a</sup> Carmen Martínez Rodríguez di que comparte o dito polos voceiros da oposición e anuncia a súa abstención para que as empresas cobren antes de ter que pechar polas débedas que teñen cos concellos.

A continuación intervén o concelleiro do grupo do PP don Juan José Franco Casal para pedir desculpas por non levar o asunto á comisión de facenda, indicando que o asunto será levado á vindeira sesión ordinaria.

Pide desculpas ao voceiro do grupo socialista e demais voceiros no caso de que se sentiran ofendidos coa súa intervención e lembra que o PP sempre facilitou este tipo de acordos, sen votar nunca en contra da súa urxenza, ao tratarse de operacións moi importantes para os veciños.

Engade que se darán todas as explicacións oportunas na comisión informativa e que durante moitos anos os pagos neste concello foron cuestión de fe, que hai moito que facer e haberá que mellorar, pero non por iso esquece todo o que se fixo.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor, 6 do grupo do PP e 5 do grupo socialista, con 6 abstencións, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto.**

#### **8. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE con motivo do Día internacional contra a violencia de xénero**

Consta no expediente a seguinte moción:

##### <<EXPOSICION DE MOTIVOS

Todos os anos, o día 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, elaboramos un manifesto, recordamos as vítimas, damos datos, constatamos que aínda queda moito por facer. As mulleres seguen morrendo ano tras ano por este terrorismo machista, seguen sufrindo na súa vida e na dos seus fillos e fillas agresións físicas e psicolóxicas, seguen vivindo, demasiadas veces en silencio, un inferno do que é moi difícil escapar. E berramos que o machismo mata. Non obstante este ano, 2012, o berro debe ser maior, porque a violencia de xénero está a caer no esquecemento. Agora, o Goberno non condena os asasinatos, no sensibiliza, está a deixar de prestar apoio ás vítimas

Hai un ano que o Partido Popular gañou as eleccións e España xa retrocedeu 14 postos no Índice do foro Económico Mundial. Catorce postos que se traducen nun record de pasos atrás. Cada día as mulleres españolas teñen máis dificultades para ter un emprego, para facer compatible a súa vida laboral e familiar, para acceder á educación, a sanidade, ou a atención social, para exercer os seus dereitos sexuais e reprodutivos, para incorporarse a espazos de participación e toma de decisións.

O máis sangrante de todos estes pasos atrás é o que afecta ao dereito das mulleres a vivir sen Violencia de Xénero. No primeiro comunicado oficial da Ministra responsable, Ana Mato, tratouse como “violencia no

ámbito familiar” o asasinato machista dunha muller ás mans da súa parella. Acababa de empezar a marcha atrás. Fai apenas uns días, unha nai e un pai esnaquizados enterraron unha nena de 13 anos, cuxa proxenitora denunciara o perigo que o axexaba e non obtivo a protección suficiente, un fallo claro do sistema.

Mentres se daban estes e outros moitos gravísimos feitos, asistimos a unha serie de recortes. Os primeiros empezaron en Galicia co Goberno de Núñez Feijoo con: drásticos recortes nos orzamentos da Xunta de Galicia destinados a políticas de Igualdade de 19,5 % nas accións para a igualdade, protección e promoción da muller, importantes retrocesos lexislativos, supresión de estruturas como o SGI ou debilitamento dos Centros de Información á Muller (CIM,S), clara perversión na execución do orzamento destinando unha boa parte a apoio de redes ultraconservadoras que traballan na contra dos dereitos das mulleres, etc. En definitiva, unha clara política regresiva que pon en perigo os avances acadados nos últimos anos na loita contra a violencia de xénero.

A todos estes recortes e retrocesos que se deron en Galicia, súmanse neste último ano outros realizados polo Goberno presidido por Rajoy Brey que mesmo ten calificado de propaganda as campañas de sensibilización social. A prevención e a sensibilización son fundamentais para conseguir a complicitade de sociedade e do ámbito, como son imprescindibles para que as mulleres poidan reunir forzas abondo e afrontar a denuncia da violencia que sofren. A prevención é o inicio do camiño para saír da violencia, e, a partir de aquí, as Administracións Públicas deben poñer en marcha todos os recursos necesarios para protexer e apoiar a súa decisión.

Dende o ano 2011 o Presuposto do Goberno do Estado para a prevención integral da violencia de xénero viuse reducido nun 27%, máis de 8 millóns de euros. Nos presupostos para o 2013, mesmo o Goberno recortou nun millón de euros os Programas de asistencia social para mulleres vítimas e menores expostos á violencia. O Observatorio de Violencia de Xénero do consello Xeral do Poder Xudicial xa fixo unha seria advertencia: os recortes son responsables de que moitas mulleres retiren a denuncia, posto encóntranse nunha situación de desprotección tras presentala. Polo tanto, podemos afirmar que estes recortes en políticas de igualdade están a poñer en situación de risco as mulleres e, con elas, as súas fillas e os seus fillos.

O PsdeG-PSOE denuncia os significativos recortes en prevención, sensibilización e protección das mulleres, e das súas fillas e fillos, fronte á violencia de xénero, e invita ás organizacións e aos outros partidos políticos a defender, de forma conxunta, que non se reduzan os presupostos e recursos necesarios para poder seguir realizando campañas de prevención, sensibilización e apoio ás mulleres; ademais, cremos imprescindible que se desenvolva un plan específico de actuacións para protexer aos e as menores fronte á violencia de xénero que sofren xunto ás súas nais.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista do concello de Fene presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes

#### ACORDOS:

1. Este Concello comprométese a non reducir presupostos, servizos ou recursos para combater a violencia de xénero.
2. Instar á Xunta de Galicia a:
  - a. Axilizar os trámites necesarios para a inmediata posta en funcionamento do Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas da violencia de xénero, una obriga incluída na Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
  - b. Impulsar os órganos consultivos e de participación da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, de xeito que cada órgano estea regulado de forma independente para garantir a súa comprensión e facilitar o control das súas actividades. Incorporando á composición dos tres órganos á representación de asociacións profesionais de igualdade e persoal técnico especializado en igualdade, así como profesionais que estean traballando no ámbito do tratamento da violencia de xénero, que son quen está

a desenvolver no día a día o traballo técnico relacionado co igualdade de mulleres e homes.

c. Definir a estratexia da Xunta de Galicia no ámbito da sensibilización e da prevención en contra da violencia de Xénero

d. Promover acordos para a formación de profesionais dos medios de Comunicación para a mellora do tratamento informativo das situacións de violencia contra as mulleres.

e. Incidir en mecanismos de apoio de prevención e apoio ás vítimas para que as mulleres non se vexan forzadas a retirar a denuncia.

f. Mellorar a coordinación entre os órganos xudiciais e os organismos que deben procurar as medidas de asistencia e protección social reforzando o Punto de Coordinación das Ordes de Protección.

g. Reforzar os servizos de atención a menores vítimas directas e indirectas da violencia de xénero na súa atención e a recuperación das súas secuelas, ao obxecto de romper o círculo da transmisión interxeneracional da violencia.

h. Que as axudas económicas recollidas na lei galega sexan abonadas ás mulleres vítimas de violencia de xénero, que acrediten formalmente as condicións establecidas, nun prazo non superior a 15 días.

i. Crear un programa específico para mulleres discapacitadas que sofren violencia de xénero, debido a súa situación de especial vulnerabilidade

j. Promover a responsabilidade social corporativa das empresas a fin de lograr unha alianza empresarial contra a violencia de xénero.

3. Así mesmo, instamos á Xunta de Galicia a esixir do Goberno do Estado que non reduza os presupostos, os programas, actuacións nin servizos dirixidos a combater a violencia de xénero e atender ás mulleres.>>

Toma a palabra o alcalde para dicir que hai unha declaración institucional subscriba polos catro grupos políticos, pedindo que non se ratifique a inclusión do asunto na orden do día para así incluír a declaración no apartado de mocións.

De seguido intervén o voceiro socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que esta moción foi presentada para consensuar cos outros grupos e, inda que foron eliminadas as críticas ao goberno do PP no Estado na declaración institucional, en aras do consenso e dado que o tema o merece para así trasladar á cidadanía a mensaxe de erradicación da violencia de xénero, ve ben a proposta da alcaldía.

**Sometida a votación a urxencia do asunto, ratifícase a súa non inclusión na orde do día por unanimidade.**

## **9. Mocións**

### **9.1 Declaración institucional dos grupos políticos do Concello de Fene no Día Internacional para a Eliminación de Violencia de Xénero**

Por parte da alcaldía dáse lectura á seguinte declaración institucional subscriba polos voceiros de todos os

grupos políticos municipais que queda incluída na orde do día tralo seu sometemento a votación e aprobación unánime dos concelleiros:

<<O vinte e cinco de Novembro converteuse nun día de reflexión e sensibilización para expresar o rexeitamento máis profundo a todo tipo de violencia contra as mulleres.

A violencia de xénero debe ser considerada como un problema público e social de primeira magnitude.

Representa un ataque do dereito a vida, a integridade física, a o libre desenvolvemento da personalidade, a liberdade, a seguridade, e a non discriminación tal y como xa proclama a Constitución e o Estatuto.

Todos os poderes públicos teñen a obriga de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos estes dereitos.

Mentres siga existindo un so caso de violencia de xénero non viviremos nin gozaremos de unha sociedade que poida vivir libre e en igualdade real entre mulleres e homes.

Estamos convencidos que a erradicación da violencia de xénero pasa por un proceso de maior concienciación social e de educación.

A conquista real da igualdade, do respecto a dignidade humana da liberdade das persoas, ten que ser un obxectivo prioritario das políticas públicas, polo que é fundamental levar a cabo, dende todas as Administracións, actuacións transversais que incidan na mellora da igualdade de oportunidades a todos os niveis. O art. 155 da Constitución obriga a as Comunidades Autónomas ó cumprimento das leis vixentes, porque a integridade de mulleres e menores ten que estar garantida sen disculpas nin dubidas.

Por todo o anterior o Concello de Fene ACORDA:

1.- A súa intención de adhesión a Rede de entidades locais en contra la violencia de xénero.

2.- Comprometerse a non reducir presupostos, servizos nin recursos para combater a violencia de xénero.

3.- Instar a Xunta de Galicia a:

a) Axilizar os trámites necesarios para a inmediata posta en funcionamento do Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas da violencia de xénero, obriga incluída na Lei galega 11/2007 para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

b) Impulsar os órganos consultivos e de participación da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, de xeito que cada órgano estea regulado de forma independente para garantir a súa comprensión e facilitar o control das súas actividades; incorporando á composición dos tres órganos a representación de asociacións profesionais de igualdade e personal técnico especializado en igualdade, así como profesionais que estean traballando no ámbito do tratamento da violencia de xénero, que son quen esta desenvolver no día a día o traballo técnico relacionado ca igualdade das mulleres e homes.

c) Definir a estratexia no ámbito da sensibilización e da prevención en contra da violencia de xénero.

d) Facer unha planificación para a realización de campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero e promover acordos para a formación de profesionais dos medios de comunicación para a mellora do tratamento informativo das situacións de violencia contra as mulleres.

e) Incidir en mecanismos de apoio de prevención e de apoio vítimas para que as mulleres non se vexan forzadas a retirar unha denuncia.

f) Mellorar a coordinación entre os órganos xudiciais e os organismos que deben procurar as medidas de asistencia e protección social, reforzando o Punto de Coordinación das Ordes de Protección.

g) Reforzar os servizos de atención a menores vítimas directas e indirectas da violencia de xénero na súa atención e a recuperación das súas secuelas, ao obxecto de romper o círculo de transmisión interxeneracional da violencia.

h) Que as axudas económicas recollidas na lei galega sexan abonadas ás mulleres vítimas de violencia de xénero, que acrediten formalmente as condicións establecidas, nun prazo non superior a 15 días.

i) Crear un programa específico para mulleres discapacitadas que sofren violencia de xénero, debido a súa situación especial de vulnerabilidade.

j) Promover a responsabilidade social corporativa das empresas a fin de lograr unha alianza empresarial contra a violencia de xénero

3.-Asimesmo instamos a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a que non reduzca os presupostos, os programas, actuacións nin servizos dirixidos a combater a violencia de xénero e atender as mulleres.>>

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.**

## **9.2 Moción do BNG de apoio á Folga Xeral do 14 de novembro para impulsar a economía e o traballo en Galiza**

O grupo municipal do BNG presenta a seguinte moción que queda incluída na orde do día co voto unánime dos concelleiros:

### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A destrución de emprego avanzou de xeito imparábel desde o inicio da actual crise económica. As políticas emprendidas agravaron aínda máis a situación de miles de persoas no noso país, ao tempo que protexen aos verdadeiros culpábeis da actual desfeita económica e social.

100.000 persoas máis ficaron sen emprego en Galiza neste período de crise económica, superando xa as 267.000, un 20 por 100 da poboación activa. As decisións políticas que se están a adoptar están a ter unha influencia decisiva no empeoramento das condicións de vida das maiorías sociais. Cada nova “reforma” supón un recorte en servizos públicos e un retroceso en conquistas sociais.

A democracia tamén está a ser abatida co pretexto da crise. Cada vez é máis evidente que se goberna en institucións e organismos afastados, que non están sometidos ao referendo popular. Quen decide realmente non ten que dar contas, e os gobernos que son escollidos en procesos electorais, simplemente se adican a cumpriren os mandatos, sen atreverse a retrucar ningunha das imposicións dos grandes poderes financeiros que perseguen. Os Gobernos do PP en Madrid e Galiza coidan non só de que a crise non afecte a ditos poderes, senón tamén para que a paguen as maiorías sociais, asumindo restricións, pagando indiscriminadamente máis impostos para sanear os balances da banca privada.



O FMI, o BCE, a UE, deseñan a política económica. Rajoy e Feijoo limitáanse a executar, aplicando receitas fracasadas, ineficaces, que sitúan xa a unha ampla maioría de persoas a carón do abismo, sen traballo nin rede social de cobertura.

Canto máis se alonxan os centros de decisión, máis inxustas son as políticas adoptadas, máis se agudiza a crise económica.

Saír da crise económica para moitas galegas e galegos significa poder ter un traballo. E poder xerar emprego para eses miles de persoas que aspiran a telo só poderá vir da man de reactivar os sectores produtivos básicos da nosa economía, para o que precisamos ter maior capacidade de decisión en Galiza para darlles apoio e orientalos polo camiño dun desenvolvemento sustentábel.

Galiza ten ferramentas para superar a crise: recursos, coñecemento e vontade de moitas persoas para saír adiante con éxito. Mais ten que ter capacidade para exercelas, ten que poder exercer a súa soberanía económica para xerar emprego e benestar para as maiorías sociais de Galiza.

O vindeiro 14 de novembro temos unha oportunidade de reivindicar unha saída xusta á crise. A prol das galegas e galegos e non dos mercados financeiros. A prol de que Galiza avance nun desenvolvemento económico e social parello á mellora das condicións de vida das maiorías sociais.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

## ACORDO

Manifestar o apoio ás mobilizacións e á folga xeral convocadas para o 14 de novembro polas organizacións sindicais representativas e para impulsar a economía e o traballo en Galiza.>>

Inicia o turno de debate o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que o sentido da moción é claro e avanza que o paro incrementouse na comarca nos últimos días en 500 persoas, baixando en 8 en Fene, inda que entende que debido a que Fene ten unha perda de poboación moi importante.

Conclúe dicindo que estamos ante uns 1500 desempregados e que a xente emigra.

Por parte do grupo socialista, o seu voceiro, don Iván Puentes Rivera, di que, á marxe da redución de

postos de traballo e da emigración, a taxa de paro está nun 35 %, máis ca media estatal e galega.

Anuncia o voto a favor da moción porque pensan que a folga é practicamente a única resposta dos traballadores ante as medidas tan inxustas que o goberno está tomando na Administración, medidas erróneas fronte á crise e fronte ás clases medias e xente con menos recursos, engadindo que as rendas máis altas hoxe gañan máis cartos que cando comezou a crise e que as medidas que se están a tomar acrecentan as diferenzas, restando dereitos a todos.

Perante esta situación ve máis que xustificada esta convocatoria de folga e que as Administracións Públicas se solidaricen con ela, considerando que, asemade, é importante que é a primeira vez que se fai conxuntamente con Portugal e outros países, dándolle así unha maior dimensión.

A concelleira do grupo mixto, dona M<sup>a</sup> Carmen Martínez Rodríguez, anuncia o seu voto a favor e critica a postura do presidente do goberno, o Sr. Rajoy, xa que noutros países o seu presidente dimite cando é consciente de que mentiu respecto do seu programa electoral, sen embargo, di, España é diferente.

Remata o turno de intervencións a voceira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que o seu grupo sempre tivo unha postura de abstención respecto da folga, mesmo cando Zapatero estaba no goberno, e que, inda que se manteñen como férreos defensores do dereito á folga, consideran que é un dereito e non unha obriga, polo que queren que sexan respectadas as dúas opcións.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 abstencións do grupo do PP.**

## **10. Rogos e preguntas**

O voceiro do grupo municipal do PSOE, don Iván Puentes Rivera, fai os seguintes rogos e preguntas:

-En relación co día da Constitución, díxose hai uns meses que se ía instalar a galería de alcaldes nalgún sitio do edificio do Concello, que o investimento está feito e que tamén se falou de facer algunha charla polo que pregunta se se vai facer e a previsión que hai ao respecto.

Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que o acto aínda non está pechado.

-¿Hai algunha previsión por parte da Deputación Provincial ou fixo o goberno municipal algunha xestión para o amaño da estrada da Armada?

Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que hai unhas obras iniciadas por Gas Galicia segundo unha licenza que conta cun prazo de execución, que aínda non está finalizado. Di que a parte afondada da estrada da Armada se vai tratar a semana que vén por parte da Deputación Provincial e logo o aglomerará a empresa.

-En relación coa rúa das Chancas e a rúa Baixa en Perlío di que tamén teñen importantes desperfectos e pregunta se hai algunha previsión para o seu arranxo e, en caso contrario, roga que se arranxe o antes posible.

Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que no ano 2008 os veciños desta zona presentaron moitos escritos sobre os problemas destas rúas dos que o Sr. Puentes Rivera era coñecedor e di que o goberno actual está buscando alternativas para poder solucionar os problemas.

-No paseo marítimo de San Valentín, no tramo final, hai bastante verdín e restos de follas polo que roga que se faga unha limpeza.

Resposta o alcalde que quizais se poida estreir aí a varredora que se entregará a vindeira semana.

-En San Valentín, na zona axardinada tras Mercadona, había un afloramento de auga que se canalizou e se estiveron cortando unhas árbores que caeron enriba do estanque e do cano de auga. Roga que non se corten árbores e, de facelo, que sexa dun xeito máis cauteloso e que arranxe aquela zona.

-Na Comisión Informativa díxose que a estrada provincial de Barallobre estaba recepcionada e que se podía dar servizo de auga aos veciños polo que pregunta ¿que previsión hai con Aquagest para poder facer as conexións aos veciños?.

O concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez di que as obras están recepcionadas e que os veciños poden solicitar o enganche, que de todos os xeitos o vai consultar e se lle contestará na vindeira Comisión.

-A Asociación de Comerciantes está organizando un concurso de tapas eróticas, pregunta se vai o goberno municipal colaborar na organización deste evento e, se non, por que.

O concelleiro don Juan José Franco Casal di que non se estudou colaborar porque tampouco tiveron ningunha nova ao respecto, que mesmo coñecen o concurso polo anuncio e non por unha comunicación formal.

-¿Fixo o goberno municipal algunha xestión para a construción das vivendas sociais no Sartego e en Perlío onde estaba antes o Perla novo?

Resposta o alcalde que foi el persoalmente co concelleiro de obras á Delegación de Vivenda a interesarse por este tema e lles dixeron que alí non había nada tramitado, que todo o que había que ter

feito no seu momento non se fixo, que a superficie entregada non chega para construír e se descartou xa fai polo menos tres anos.

O concelleiro don Iván Puentes Rivera di que iso xa llo dixo a Xunta de Galicia daquela e o goberno municipal mercou unha franxa de terreo que foi posta a disposición da Xunta.

O alcalde di que aínda así non hai vivendas sociais porque o solo que se aportou non reúne as condicións.

O concelleiro Iván Puentes Rivera quere que conste que o Concello ampliou o terreo segundo as indicacións da Xunta de Galicia.

-¿Sabe o goberno municipal o número de vivendas que hai no concello non dadas de alta na taxa do lixo e a estimación do que isto vai supor?

-¿Coñecen a Lei de protección de masa arbórea urbana que a Comunidade Autónoma de Madrid está a aplicar?.

Di que esta Lei establece medidas interesantes á vista da proliferación por cortar árbores do goberno municipal e considera que podía ser interesante facer algo semellante no Concello, polo que pregunta se estarían dispostos a aprobar no Pleno algunha medida deste tipo que permitira protexer as árbores dos noso Concello.

Contesta o alcalde dicindo que non terían inconveniente ningún en aprobar un regulamento neste senso e que nese regulamento tamén habería que regulamentar como e onde se poñen as árbores e non plantalas sen xeito.

-Roga que se arranxen as inundacións dunha vivenda que hai na Armada, fronte ao camiño do Castiñeiro.

-Roga que se arranxen as fochancas que hai en Fene, no cruce da Casa Vella con Sartego, en Perlío na rúa Travesa e na rúa Alta, Baixa, Río Cádavo, nas Vivendas de San Salvador, na rúa Cardoeiro, na rúa Cadaval e no cruce de Cañotos pola rúa Santiago.

O concelleiro don José Andrés Serantes Painceiras manifesta que se lles comunicou o informe da Policía aos grupos políticos para que poidan facer algunha suxestión cara ao comezo do Plan de eliminación de fochancas.

O voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, fai os seguintes rogos e preguntas:

-¿Fíxose algo dende o goberno municipal para compensar a paga extra do persoal?

O concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez di que se están facendo xestións e solicitando informes, pero que a día de hoxe non teñen informes favorables para tentar pagar.

-¿Hai resultados das medicións que se fixeron nos distintos edificios co motivo do ruído de varios locais?

Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Ponte dicindo que as medicións foron feitas e que se dará conta cando pasen por xunta de goberno.

-¿ Fíxose algo ao respecto do Ente de conservación do Polígono Industrial, posto que o alumado está mal?

Resposta o alcalde que está a revisar o borrador enviado polo Concello de Cabanas, o cal espera devolver antes de final de mes.

-Roga que se lle notifique á finca que colinda en Naturais para que pode as árbores froiteiras que van por riba da beirarrúa.

-Roga que se convoquen en tempo e forma as comisións informativas, concretamente a de facenda, xa que teñen todas as ordenanzas fiscais sen revisar e roga que ese traballo se vaia actualizando nas vindeiras comisións e que se leven as cuestións ratificadas por urxenza neste pleno. Engade que é urxente que se dea conta dos ingresos e gastos deste ano para ir vendo o orzamento do ano que vén.

-¿Onde se leva a madeira das árbores que se talan? Contesta o concelleiro don José Andrés Serantes Panceiras dicindo que depende do caso, xa que nalgún o que a corta queda con ela a cambio do traballo e noutros, como á da árbore de San Valentín, está depositada en S. Marcos.

A voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

-Roga que as preguntas que se fan sexan contestadas de forma serie e rigorosa, xa que ás veces se lle di que as cousas están feitas e logo comproba que non é así, como o tema dos cans de Centieiras que puido comprobar o día que foi votar que estaba sen facer ou a queixa da falta de auga no Eroski da que recibiu hoxe como nova que ninguén pasara por alí.

O alcalde di que se estivo traballando no colexio de Centieiras e que, se nón está feito, farase, e a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa di que os cans non son perigosos e que se deu conta de que se ían iniciar as obras.

O concelleiro don José Andrés Serantes Panceiras di que o problema da auga de Eroski está amañado e que nunca estiveran sen auga, senón que simplemente saía pouca cantidade e un atasco debido ao cambio de tubaría que foi amañado hoxe pola mañá.

-Roga que se amañe un colector coa tapa rota na praza do Perla vello.

-Pregunta se se vai convocar o consello escolar.

A concelleira dona Juana Barro Couto contesta que o consello está convocado nos colexios para o nomeamento dos seus representantes.

-Roga que se tomen medidas para que se limpen os entullos deixados por Aquagest nunhas obras que fixo en San Valentín na Torre V.

-Roga que se amañen as farolas sen luz do paseo de S. Valentín.

-Roga que se amañen as fochas do camiño de Mundín a Pinares.

O concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez di que as fochas de Mundín xa están contempladas nun proxecto de obra.

-Roga se lle dea copia do estado de execución do orzamento.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 19:50 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal  
Lamas

Estefanía Manteiga